



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA DOS ACORDOS DO PLENO DA CORPORACIÓN

NÚMERO ACTA: **2025/6**

TIPO DE SESIÓN: **Ordinaria**

DATA: **Venres, 30 de maio de 2025**

LUGAR DE CELEBRACIÓN: **Salón de Plenos do Concello de Lousame**

HORA DE COMEZO: **20:30**

HORA DE REMATE: **20:50**

No día de hoxe, á hora indicada, baixo a presidencia da Alcaldía en funcións, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, **sesión 2025/6 - Ordinaria**, do Pleno da Corporación

PRESIDE:

ESTEBAN ARES GARCÍA (PP) en virtude da delegación efectuada pola Alcaldía mediante Resolución 307/2025 do 30/05/2025.

ASISTEN:

PP

SILVIA AGRAFOJO FILGUEIRA
RAMÓN MANUEL MARTINEZ RIAL
MARIEL AGRAFOJO NIETO
JOSÉ ANTONIO CES BARREIRO

PSdG-PSOE

JUAN JOSÉ PREGO CES
IRIA INSUA GONZÁLEZ
CRISTIAN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
BEGOÑA MAROÑAS MAROÑAS

GRUPO MIXTO (BNG)

ANXO MOLEDO CARREÑO

AUSENCIAS:

MARÍA TERESA VILLAVERDE PAIS (PP)

SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A:

PAULA ARES OTERO

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima do terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldía e da Secretaría (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ORDE DO DÍA:

1.- Toma de posesión, se procede, da concelleira electa D^a Begoña Maroñas Maroñas.

Parte resolutiva:

- 2.- Aprobación, se procede, das seguintes actas: sesión ordinaria do 28/03/2025, extraordinaria do 15/04/2025 e extraordinaria do 12/05/2025 (2025/G006/000093)
- 3.- Aprobación, se procede, do Recoñecemento Extraxudicial de Crédito 5/2025 (2025/X998/000042; 2025/G006/000102)
- 4.- Aceptación, se procede, da cesión dunha parcela pola CMVMC de Zaramagoso; previa ratificación, polo Pleno, da inclusión do asunto na Orde do Día (2023/U036/000060; 2025/G006/000103)
- 5.- Inclusión, se procede, doutros asuntos por razón de urxencia.

Parte de control:

- 6.- Dación de conta das Resolucións da Alcaldía: da 140/2025 á 290/2025 (2025/G006/000100)
- 7.- Dación de conta dos acordos adoptados pola XGL: sesión do 10/04/2025 (2025/G006/000101)
- 8.- Dación de conta do PMP do 1T do 2025 (2025/G006/000083)
- 9.- Dación de conta do informe da intervención emitido ao abeiro do artigo 218 do TRLRFL (2025/G006/000082)
- 10.- Dación de conta do Informe resumo Control Interno exercicio 2024 (2025/G006/000084)
- 11.- Dación de conta no cambio dos membros da Comisión Especial de Contas (2023/G006/000018)
- 12.- Inclusión, se procede, doutras mocións por razón de urxencia.
- 13.- Rogos e Preguntas

DELIBERACIÓNS:

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número **2025/G010/000006** e identificado pola pegada dixital:

e320f1d7a41ee7a42be9bee5a55dd8ed3ffce9bcd815c08702eb894de0674d92

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://concellodelousame.gal/index.php/gl/concello/plenos>

1.- TOMA DE POSESIÓN, SE PROCEDE, DA CONCELEIRA ELECTA, D^a BEGOÑA MAROÑAS MAROÑAS.

Antecedentes administrativos:

- 1) O Pleno do Concello de Lousame, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 12/05/2025, tomou coñecemento da renuncia voluntaria de Dona Ana María Domínguez Laíño, e renuncia anticipada de Dona Ana Vanesa Martínez Figueroa.
- 2) O Concello solicitou á Xunta Electoral Central que enviase as credenciais de dona Begoña Maroñas Maroñas, que ocupa o lugar número 6 da candidatura do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE), nas eleccións municipais de maio de 2023 (BOP da Coruña núm. 82 do 02/05/2023), para que poida tomar posesión do seu cargo.
- 3) O día 20/05/2025, con rexistro de entrada 202500000000649, a Xunta Electoral Central remite a credencial da concelleira electa dona María Begoña Maroñas Maroñas.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- 4) O día 21/05/2025, con rexistro de saída 202500000000190, a Secretaría da Corporación dirixe comunicación á concelleira electa para que cumprimente as declaracións ás que se refire o artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- 5) D^a Begoña Maroñas Maroñas, presenta as ditas declaracións o día 26/05/2025.

No cumprimento do procedemento legalmente establecido, o Alcalde en funcións tómallo xuramento ou promesa a D^a Begoña Maroñas Maroñas, mediante a preceptiva fórmula consagrada no artigo 1 do RD 707/1979, do 5 de abril, polo que se establece a fórmula de xuramento en cargos e funcións públicas.

D^a Begoña Maroñas Maroñas, manifesta: *"Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado"*

O Alcalde en funcións, entrégalle a súa credencial a D^a Begoña Maroñas Maroñas, que toma posesión do cargo de concelleira, incorporándose ao seu lugar no Salón de Plenos.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS SEGUINTE ACTAS: SESIÓN ORDINARIA DO 28/03/2025, EXTRAORDINARIA DO 15/04/2025 E EXTRAORDINARIA DO 12/05/2025 (2025/G006/000093).

O Alcalde en funcións, explica que vai someter a aprobación os borradores das actas da sesión ordinaria do 28/03/2025, extraordinaria do 15/04/2025 e extraordinaria do 12/05/2025. Pregunta se hai algún tipo de observación.

Non habendo observacións, somete os borradores das actas a aprobación.

- *Acta da sesión ordinaria do 28/03/2025.*

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo: aprobar a Acta do Pleno do día 28/03/2025.

- *Acta da sesión extraordinaria do 15/04/2025.*

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo: aprobar a Acta do Pleno do día 15/04/2025.

- *Acta da sesión extraordinaria do 12/05/2025.*

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo: aprobar a Acta do Pleno do día 12/05/2025.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1.
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 5/2025 (2025/X998/000042; 2025/G006/000102)

O Alcalde en funcións da conta da seguinte proposta, ditaminada pola Comisión Informativa dos Asuntos de Competencia Plenaria, na sesión do día 26/05/2025:

PROPOSTA DA ALCALDÍA DITAMINADA POLA CIACP DO DÍA 26/05/2025

Resultado da votación na CIAP:

Unanimidade dos sete (7) concelleiros presentes.

"O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do seguinte acordo, en virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente en materia de réxime local, e do previsto nas Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2025, adopta o seguinte acordo baseado nos seguintes antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos.

Antecedentes Administrativos:

Primeiro: Vistos os seguintes documentos xustificativos de gasto, que se refiren a prestacións anteriores ao 2025, pero que tiveron entrada no ano 2025:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Docum	Fecha Dto.	Importe Total	Nombre	Texto Explicativo	Prog	Econ
F/2025/37	13-1-25	N24C 2901	31-12-24	25,95	SEOBAR 2022 SL	REPOSTOS MAQUINARIA E UTILLAXE OBRAS	150	22111
F/2025/311	28-3-25	AZFE 0000022622	27-3-25	795,42	ALLIANZ, SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	CARTERA 2023(PÓLIZA: 48166318 RECIBO: 140950687 RAMO ACCIDENTES CONVENIO PYME)	920	22400
F/2025/312	28-3-25	AZFE 0000022630	27-3-25	757,59	ALLIANZ, SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	CARTERA 2022(PÓLIZA: 48166318 RECIBO: 538563811 RAMO ACCIDENTES CONVENIO PYME)	920	22400
F/2025/313	28-3-25	AZFE 0000022633	27-3-25	104,62	ALLIANZ, SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	REGULARIZACIÓN 2022 (PÓLIZA: 48166318 RECIBO: 831098144 RAMO ACCIDENTES CONVENIO PYME APÉNDICE 6)	920	22400
F/2025/340	1-4-25	AZFE 0000022651	1-4-25	54,70	ALLIANZ, SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	REGULARIZACIÓN 2023 (PÓLIZA: 48166318 RECIBO: 831077122 RAMO ACCIDENTES CONVENIO PYME)	920	22400
F/2025/499	9-5-25	AZFE 0000023015	8-5-25	315,93	ALLIANZ, SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	REGULARIZACIÓN 2021 (PÓLIZA: 48166318 RECIBO: 831085760 RAMO 136- ACCIDENTES CONVENIO PYME)	920	22400
				2.054,21				

Segundo: Visto o informe da Secretaría-Intervención núm. 81/2025 do 13/05/2025.

Terceiro: Vista a Memoria xustificativa da Alcaldía dos anteriores gastos realizados, incorporada ao expediente administrativo.

Cuarto: Existindo a necesidade de proceder á aprobación dos anteriores documentos xustificativos de gasto.

Fundamentación Xurídica:

Primeira: Á vista do indicado, na Memoria xustificativa da Alcaldía, incorporada ao expediente administrativo, e considerando o artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, é competencia do Pleno decidir si se continúa o procedemento.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1.
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Segunda: Tendo en conta as circunstancias relativas a estes gastos e a documentación que consta no expediente, é obrigado atendelos para evitar o prexuízo dos provedores arriba relacionados e o correlativo enriquecemento inxusto da Administración; considerando ademais que a imputación dos gastos ao exercicio corrente, á vista do estado de execución orzamentaria, non causará prexuízo á atención do resto das necesidades do exercicio.

Terceira: Constando a efectiva realización dos traballos e considerando que os servizos e subministros son conformes en cantidade, prezo de mercado e calidade, segundo se acredita no expediente administrativo.

Á vista do anterior, o Pleno Corporativo, na aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario, **ACORDA:**

Primeiro: Continuar o procedemento na aplicación do artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017 de 28 de abril.

Segundo: Aprobar, dispor e recoñecer as obrigas, por recoñecemento extraxudicial de créditos, dos documentos xustificativos de gasto antes indicados.

Terceiro: Ordear o pago dos xustificantes de gasto relacionados, segundo as disposicións da Tesourería.

Cuarto: Dar conta do presente acordo á Intervención, Tesourería e Departamento contable para a súa tramitación e efectos oportunos"

Lousame, na data da sinatura dixital.

A Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais

O Alcalde en funcións pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo:

"O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do seguinte acordo, en virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente en materia de réxime local, e do previsto nas Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2025, adopta o seguinte acordo baseado nos seguintes antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos.

Antecedentes Administrativos:

Primeiro: Vistos os seguintes documentos xustificativos de gasto, que se refiren a prestacións anteriores ao 2025, pero que tiveron entrada no ano 2025:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Docum	Fecha Dto.	Importe Total	Nombre	Texto Explicativo	Prog	Econ
F/2025/37	13-1-25	N24C 2901	31-12-24	25,95	SEOBAR 2022 SL	REPOSTOS MAQUINARIA E UTILLAXE OBRAS	150	



22111



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

F/2025/311	28-3-25	AZFE 0000022622	27-3-25	795,42	ALLIANZ, SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	CARTERA 2023(PÓLIZA: 48166318 RECIBO: 140950687 RAMO ACCIDENTES CONVENIO PYME)	920	22400
F/2025/312	28-3-25	AZFE 0000022630	27-3-25	757,59	ALLIANZ, SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	CARTERA 2022(PÓLIZA: 48166318 RECIBO: 538563811 RAMO ACCIDENTES CONVENIO PYME)	920	22400
F/2025/313	28-3-25	AZFE 0000022633	27-3-25	104,62	ALLIANZ, SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	REGULARIZACIÓN 2022 (PÓLIZA: 48166318 RECIBO: 831098144 RAMO ACCIDENTES CONVENIO PYME APÉNDICE 6)	920	22400
F/2025/340	1-4-25	AZFE 0000022651	1-4-25	54,70	ALLIANZ, SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	REGULARIZACIÓN 2023 (PÓLIZA: 48166318 RECIBO: 831077122 RAMO ACCIDENTES CONVENIO PYME)	920	22400
F/2025/499	9-5-25	AZFE 0000023015	8-5-25	315,93	ALLIANZ, SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	REGULARIZACIÓN 2021 (PÓLIZA: 48166318 RECIBO: 831085760 RAMO 136- ACCIDENTES CONVENIO PYME)	920	22400
				2.054,21				

Segundo: Visto o informe da Secretaría-Intervención núm. 81/2025 do 13/05/2025.

Terceiro: Vista a Memoria xustificativa da Alcaldía dos anteriores gastos realizados, incorporada ao expediente administrativo.

Cuarto: Existindo a necesidade de proceder á aprobación dos anteriores documentos xustificativos de gasto.

Fundamentación Xurídica:

Primeira: Á vista do indicado, na Memoria xustificativa da Alcaldía, incorporada ao expediente administrativo, e considerando o artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, é competencia do Pleno decidir si se continúa o procedemento.

Segunda: Tendo en conta as circunstancias relativas a estes gastos e a documentación que consta no expediente, é obrigado atendelos para evitar o prexuízo dos provedores arriba relacionados e o correlativo enriquecemento inxusto da Administración; considerando ademais que a imputación dos gastos ao exercicio corrente, á vista do estado de execución orzamentaria, non causará prexuízo á atención do resto das necesidades do exercicio.

Terceira: Constando a efectiva realización dos traballos e considerando que os servizos e subministros son conformes en cantidade, prezo de mercado e calidade, segundo se acredita no expediente administrativo.

Á vista do anterior, o Pleno Corporativo, na aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario, **ACORDA:**

Primeiro: Continuar o procedemento na aplicación do artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017 de 28 de abril.

Segundo: Aprobar, dispor e recoñecer as obrigas, por recoñecemento extraxudicial de créditos, dos documentos xustificativos de gasto antes indicados.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Terceiro: Ordear o pago dos xustificantes de gasto relacionados, segundo as disposicións da Tesourería.

Cuarto: Dar conta do presente acordo á Intervención, Tesourería e Departamento contable para a súa tramitación e efectos oportunos"

4.- ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DA CESIÓN DUNHA PARCELA POLA CMVMC DE ZARAMAGOSO; PREVIA RATIFICACIÓN, POLO PLENO, DA INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA (2023/U036/000060; 2025/G006/000103)

O Alcalde en función, somete a consideración do pleno, a seguinte proposta de acordo:

O artigo 82.3 do ROF sinala que o Alcalde, por razóns de urxencia, debidamente motivada, poderá incluír na Orde do Día asuntos que non fosen previamente informados pola respectiva Comisión Informativa; pero neste suposto non poderá adoptarse acordo algún sobre eses asuntos, sen que o Pleno ratifique a súa inclusión na Orde do Día.

As razóns que motivan a urxencia son as seguintes: o expediente encamiñado á aceptación da cesión polo Pleno Corporativo, quedou ultimado o día 27/05/2025, tras a resolución das últimas dúbidas xurídicas co Servizo de Montes da Xunta de Galicia. Trátase dun expediente, cuxa tramitación comezou no ano 2023; e unha vez ultimado, debe procederse á aceptación da cesión, para continuar a súa tramitación (elevación a escritura pública e posterior inscrición no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común)

Por todas as razóns expostas é polo que esta Alcaldía propón ao Pleno Corporativo de Lousame que ratifique a inclusión na Orde do Día da sesión ordinaria, convocada para o venres, día 30 de maio de 2025, ás 20:30 horas, o seguinte asunto:

- 1) Aceptación da cesión dunha parcela por parte da CMVMC de Zaramagoso.

Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo: ratificar a inclusión na Orde do Día da sesión ordinaria, convocada para o venres, día 30 de maio de 2025, ás 20:30 horas, do seguinte asunto: "Aceptación da cesión dunha parcela por parte da CMVMC de Zaramagoso".

O Alcalde en funcións explica que a proposta que se somete a coñecemento do Pleno Corporativo, é a que de seguido se indica:



Expedientes: 2021/X999/000162, 2023/U036/000060



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1.
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

PROPOSTA DA ALCALDÍA:

Aceptación do terreo cedido pola CMVMC de Zaramagoso, para formar parte do viario existente, Estrada de Escabia a Pastoriza (Rianxo)

<<O Pleno Corporativo do Concello de Lousame (A Coruña), no uso das competencias atribuídas pola lexislación vixente no ámbito local, adopta o seguinte acordo, baseados nos antecedentes e fundamentos xurídicos que de seguido se expoñen.

Antecedentes:

1. Documento técnico denominado "Estudo de dominio público na parcela con RC 15043A10300001" redactado polo enxeñeiro técnico en topografía, Álvaro Gómez Otero, en data de 15/10/2020, no que conclúe:
"Despois de realizar o levantamento topográfico e os correspondentes planos afirmo que, segundo o meu entender, queda definida a faixa de terreo obxecto de posible cesión, achegándose os datos necesarios para tal xestión"
2. Informe de validación gráfica fronte a parcelario catastral, cun resultado positivo, de data de 03/02/2021.
3. Oficio da Alcaldía con rexistro de saída 202100000000642, do 27/05/2021 dirixido á Presidencia da CMVMC de Saramagoso, no que:
"solicita da Comunidade de Montes de Saramagoso a cesión do vial representado na planimetría anexa ó presente documento co fin de ampliar o vial existente dende a estrada Escabia - Taragoña no ramal que da acceso á marquesina do autobús. O terreo cedido é parte da finca con referencia catastral 15043A103000010000II que na área a ceder se atopa clasificado como solo de núcleo rural consolidado segundo o PXOM do Concello de Lousame"
4. Acta da reunión da CMVMC de Zaramagoso do 21/09/2021, na que acordan:
 - a. *"Ceder a virada ao Concello para que sexa pública"*
 - b. *"En compensación, María Canle Vázquez e Eduardo Figueira Canabal ceden un terreo lindante co monte veciñal"*
5. Oficio da Alcaldía con rexistro de saída 202390000000069, do 26/04/2023, dirixido ao Servizo de Montes da Coruña no que, en resumo, sinala:
"María Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame, en relación coa necesidade deste Concello de obter os terreos da Comunidade de Montes de Saramagoso co fin de ampliar o vial existente dende a estrada Escabia -Taragoña no ramal que da acceso á marquesina do autobús e ó antigo campo de fútbol así como a distintos montes do entorno. O terreo cedido é parte da finca con referencia catastral 15043A103000010000II que na área a ceder se atopa clasificado como solo de núcleo rural consolidado segundo o PXOM do Concello de Lousame (...)"
Así mesmo, xa que a Comunidade de Montes de Saramagoso pretende aprobar unha permuta con Eduardo Filgueira Canabal e María Canle Vázquez (...)"
SOLICITO Se me informe da viabilidade de ámbolos dous actos (cesión ó Concello e permuta cos particulares) e se a documentación remitida se considera suficiente ou se é preciso aportar mais documentación"
6. O día 07/07/2023, con rexistro de entrada 2023900000000417, o Servizo de Montes, dirixe oficio á Alcaldía do Concello, indicando:
"Como resposta a súa solicitude, infórmolle que tanto a solicitude de cesión ao concello como a de permuta cos particulares deben de ser solicitadas pola Comunidade de montes a través da sede electrónica cun procedemento PR004 (...)"
Os dous actos son viables sempre e cando cumplan coa lexislación de Montes Veciñais en man común, Lei 13/1989 e Decreto 260/1992, e teñan informe favorable do Distrito Forestal IV"





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

7. O día 04/10/2023, con rexistro de entrada 2023/2700239, o Presidente da Comunidade de Montes de Zaramagoso, solicita autorización ao Servizo de Montes tanto para a cesión do terreo ao Concello de Lousame, como para a permuta cos veciños e comuneiros María Canle Vázquez e Eduardo Figueira Canabal.
8. O 14/11/2023, con rexistro de entrada 202390000000663, a Xefatura do Servizo de Montes comunica a resolución favorable á cesión ao Concello de Lousame dunha parcela de 487,3 m², propiedade da CMVMC de Zaramagoso, para ampliación do viario existente de Escabia a Taragoña, indicando:

"1. A asemblea xeral ordinaria da CMVMC de Zaramagoso, na súa xunta ordinaria do 20.09.2021, toma acordo favorable á cesión dunha parcela de 487,3 m² (parte da referencia catastral 15043A10300001) ao concello de Lousame para ampliación do viario existente dende a estrada EscabiaTaragoña, no ramal que da acceso á marquesiña do bus.

2. O 04.10.2023, Manuel Ourille Vázquez (representando á Comunidade de montes de Zaramagoso), presenta unha solicitude de cesión. Xunto coa solicitude achega, solicitude do concello de Lousame á CMVMC Zaramagoso para a cesión xa mencionada, estudo da cesión e CSV de catastro (no que figuran as coordenadas do límite do terreo a ceder e unir o viario Escabia-Taragoña)

3. O distrito forestal IV informa o día 09.11.2023 que a superficie que se desexa ceder non supón un menoscabo ao MVMC de Zaramagoso, dada a pequena superficie de que se trata.

5. O MVMC de Zaramagoso non se atopa xestionado pola Xunta de Galicia.

6. A permuta non afecta a montes do Catálogo de Utilidade Pública.

Segundo o exposto nos puntos anteriores, Informo favorablemente a cesión solicitada"

9. O día 16/05/2025, o Arquitecto Técnico Municipal emite informe no seguinte senso:

1) Clasificación do solo: Solo do resto dos núcleos rurais consolidado NR2-SNR.C

1.1. Réxime transitorio e aplicación da LSG

O PXOM aprobado en 2004 non contemplou este camiño, nen outros na mesma aldea, aínda que xa existían como se pode ver na seguinte ortofotografía do ano 2004.

Segundo a disposición transitoria da Lei 2/2016, os plans anteriores á súa entrada en vigor conservan vixencia ata a súa adaptación, atopándose a totalidade da área cedida en solo de núcleo rural consolidado.

2) Compatibilidade co artigo 26 da LSG

2.1. Texto aplicable

Artigo 26.1.e)

"A apertura de pistas, rúas ou camiños que non estean previstos no planeamento, así como a ampliación dos existentes [...] salvo disposición do planeamento que o autorice."

2.2. Argumentos de compatibilidade

1. Preexistencia do vial

- A superficie de cesión leva asfaltado e en uso como zona de xiro escolar desde antes de 2004, polo que non se xera unha "apertura" nova, senón a aceptación dun espazo adicado ó uso de viario preexistente que formará parte da vía pública existente denominada estrada de Escabia (Lousame) a Pastoriza (Rianxo).*

2. Ausencia de actuación urbanística

- A cesión non implica obras de apertura, ampliación nin derrubo: só a transmisión patrimonial ao dominio público viario, preservando o estado preexistente.*

3. Réxime transitorio

- Ao tratarse de planeamento anterior, a LSG permite manter os usos dos núcleos rurais definidos nos instrumentos vixentes sen obrigar á modificación inmediata do PXOM.*

3) Compatibilidade co planeamento municipal vixente





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

3.1. Ausencia de clasificación no PXOM

- O PXOM 2004 non identifica numerosos camiños, incluído este tramo; por iso, non existe incompatibilidade material ao non contradicir determinación algunha do planeamento como sería o caso de que o PXOM tivese incluídos tódolos camiños públicos sen excepción, con sinalamento de aliñacións e rasantes.

Fundamentos Xurídicos:

Primeiro: A Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, sinala:

- Artigo 2: Os montes veciñais en man común son bens indivisibles, inalienables, imprescriptibles e inembargables.
- Artigo 3: A propiedade dos montes veciñais en man común, con independencia da súa orixe, **é de natureza privada e colectiva**, correspondendo a súa titularidade dominical e aproveitamento ao conxunto dos veciños titulares.
- Artigo 4: A comunidade de veciños propietaria dun monte veciñal en man común terá **plena capacidade xurídica** para o cumprimento dos seus fins e a defensa dos seus dereitos, sobre o monte e os seus aproveitamentos, así como sobre a súa administración e disposición.
- Artigo 5: Os montes veciñais en man común, pese a súa inalienabilidade, **poderán ser obxecto de cesión temporal**, en todo ou en parte, a título oneroso ou **gratuito**, por obras, instalacións, explotacións de diversa índole, servizos ou outros fins que redunden de modo principal no beneficio directo da comunidade de veciños, de acordo coas maiorías previstas no artigo 18.1. **A cesión pode ser por tempo indefinido en favor de calquera das Administracións Públicas cando sexa destinada a equipamentos a favor da propia comunidade e en tanto se manteña o fin para o que se fixo a cesión.**

Segundo: A CMVMC de Zaramago, na reunión que tivo lugar o día 21/09/2021, acordou expresamente: “*Ceder a virada ao Concello para que sexa pública*”

Terceiro: O 14/11/2023, con rexistro de entrada 202390000000663, a Xefatura do Servizo de Montes comunica a resolución favorable á cesión ao Concello de Lousame dunha parcela de 487,3 m², propiedade da CMVMC de Zaramago

Cuarto: O día 16/05/2025, o Arquitecto Técnico Municipal informa favorablemente o expediente establecendo a clasificación do solo, a compatibilidade da cesión co artigo 26 da Lei do Solo de Galicia e co Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Quinto: O Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común, no seu artigo 58 preceptúa:

“Nos casos de disposición, que estarán formalizados sempre en escritura pública, acompañarase coa documentación que se remita á sección provincial do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común ...”

O Pleno Corporativo, no uso das atribucións conferidas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Corporacións Locais, á vista dos antecedentes e fundamentos expostos.

ACORDA:

Primeiro: Aceptar a cesión por tempo indefinido e de balde, dunha parcela de 487,30 metros cadrados (parte da referencia catastral 15043A10300001), aprobada pola Asemblea Xeral Ordinaria da CMVMC de Zaramago, na súa xunta do día 20/09/2021; e autorizada pola Xefatura do Servizo de Montes, o día 14/11/2023, con rexistro de entrada 2023900000000663.

Segundo: A parcela cedida e aceptada polo Pleno Corporativo, pasará a formar parte do viario existente, Estrada de Escabia a Pastoriza (Rianxo).

Terceiro: Formalizar a cesión en escritura pública, no cumprimento do artigo 58 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro; para posteriormente ser remitida ao Rexistro de Montes Veciñais en Man Común.

Cuarto: Notificar o presente acordo á CMVMC de Zaramago; e remitir certificado do mesmo ao Servizo de Montes, para o seu coñecemento e efectos oportunos”

Lousame, na data da sinatura dixital.
A Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O Alcalde abre a quenda de intervencións. Finalizada esta, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por nove (9) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e GPM do PSdG-PSOE) e unha (1) abstención (emitida polo concelleiro do Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo:

<<O Pleno Corporativo do Concello de Lousame (A Coruña), no uso das competencias atribuídas pola lexislación vixente no ámbito local, adopta o seguinte acordo, baseados nos antecedentes e fundamentos xurídicos que de seguido se expoñen.

Antecedentes:

1. Documento técnico denominado "Estudo de dominio público na parcela con RC 15043A10300001" redactado polo enxeñeiro técnico en topografía, Álvaro Gómez Otero, en data de 15/10/2020, no que conclúe:

"Despois de realizar o levantamento topográfico e os correspondentes planos afirmo que, segundo o meu entender, queda definida a faixa de terreo obxecto de posible cesión, achegándose os datos necesarios para tal xestión"

2. Informe de validación gráfica fronte a parcelario catastral, cun resultado positivo, de data de 03/02/2021.
3. Oficio da Alcaldía con rexistro de saída 202100000000642, do 27/05/2021 dirixido á Presidencia da CMVMC de Saramago, no que:

"solicita da Comunidade de Montes de Saramago a cesión do vial representado na planimetría anexa ó presente documento co fin de ampliar o vial existente dende a estrada Escabia - Taragoña no ramal que da acceso á marquesina do autobús. O terreo cedido é parte da finca con referencia catastral 15043A103000010000II que na área a ceder se atopa clasificado como solo de núcleo rural consolidado segundo o PXOM do Concello de Lousame"

4. Acta da reunión da CMVMC de Saramago do 21/09/2021, na que acordan:

- c. *"Ceder a virada ao Concello para que sexa pública"*
- d. *"En compensación, María Canle Vázquez e Eduardo Figueira Canabal ceden un terreo lindante co monte veciñal"*

5. Oficio da Alcaldía con rexistro de saída 202390000000069, do 26/04/2023, dirixido ao Servizo de Montes da Coruña no que, en resumo, sinala:

"María Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame, en relación coa necesidade deste Concello de obter os terreos da Comunidade de Montes de Saramago co fin de ampliar o vial existente dende a estrada Escabia -Taragoña no ramal que da acceso á marquesina do autobús e ó antigo campo de fútbol así como a distintos montes do entorno. O terreo cedido é parte da finca con referencia catastral 15043A103000010000II que na área a ceder se atopa clasificado como solo de núcleo rural consolidado segundo o PXOM do Concello de Lousame (...)"

Así mesmo, xa que a Comunidade de Montes de Saramago pretende aprobar unha permuta con Eduardo Filgueira Canabal e María Canle Vázquez (...)"





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

SOLICITO Se me informe da viabilidade de ámbolos dous actos (cesión ó Concello e permuta cos particulares) e se a documentación remitida se considera suficiente ou se é preciso aportar mais documentación"

6. O día 07/07/2023, con rexistro de entrada 202390000000417, o Servizo de Montes, dirixe oficio á Alcaldía do Concello, indicando:

"Como resposta a súa solicitude, infórmolle que tanto a solicitude de cesión ao concello como a de permuta cos particulares deben de ser solicitadas pola Comunidade de montes a través da sede electrónica cun procedemento PR004 (...)

Os dous actos son viables sempre e cando cumplan coa lexislación de Montes Veciñais en man común, Lei 13/1989 e Decreto 260/1992, e teñan informe favorable do Distrito Forestal IV"

7. O día 04/10/2023, con rexistro de entrada 2023/2700239, o Presidente da Comunidade de Montes de Zaramagoso, solicita autorización ao Servizo de Montes tanto para a cesión do terreo ao Concello de Lousame, como para a permuta cos veciños e comuneiros María Canle Vázquez e Eduardo Figueira Canabal.
8. O 14/11/2023, con rexistro de entrada 202390000000663, a Xefatura do Servizo de Montes comunica a resolución favorable á cesión ao Concello de Lousame dunha parcela de 487,3 m², propiedade da CMVMC de Zaramagoso, para ampliación do viario existente de Escabia a Taragoña, indicando:

"1. A asemblea xeral ordinaria da CMVMC de Zaramagoso, na súa xunta ordinaria do 20.09.2021, toma acordo favorable á cesión dunha parcela de 487,3 m² (parte da referencia catastral 15043A10300001) ao concello de Lousame para ampliación do viario existente dende a estrada EscabiaTaragoña, no ramal que dá acceso á marquesiña do bus.

2. O 04.10.2023, Manuel Ourille Vázquez (representando á Comunidade de montes de Zaramagoso), presenta unha solicitude de cesión. Xunto coa solicitude achega, solicitude do concello de Lousame á CMVMC Zaramagoso para a cesión xa mencionada, estudo da cesión e CSV de catastro (no que figuran as coordenadas do límite do terreo a ceder e unir o viario Escabia-Taragoña)

3. O distrito forestal IV informa o día 09.11.2023 que a superficie que se desexa ceder non supón un menoscabo ao MVMC de Zaramagoso, dada a pequena superficie de que se trata.

5. O MVMC de Zaramagoso non se atopa xestionado pola Xunta de Galicia.

6. A permuta non afecta a montes do Catálogo de Utilidade Pública.

Segundo o exposto nos puntos anteriores, Informo favorablemente a cesión solicitada"

9. O día 16/05/2025, o Arquitecto Técnico Municipal emite informe no seguinte senso:

1) Clasificación do solo: Solo do resto dos núcleos rurais consolidado NR2-SNR.C

1.1. Réxime transitorio e aplicación da LSG

O PXOM aprobado en 2004 non contemplou este camiño, nen outros na mesma aldea, aínda que xa existían como se pode ver na seguinte ortofotografía do ano 2004.

Segundo a disposición transitoria da Lei 2/2016, os plans anteriores á súa entrada en vigor conservan vixencia ata a súa adaptación, atopándose a totalidade da área cedida en solo de núcleo rural consolidado.

2) Compatibilidade co artigo 26 da LSG

2.1. Texto aplicable





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Artigo 26.1.e)

“A apertura de pistas, rúas ou camiños que non estean previstos no planeamento, así como a ampliación dos existentes [...] salvo disposición do planeamento que o autorice.”

2.2. Argumentos de compatibilidade

4. Preexistencia do vial

- A superficie de cesión leva asfaltado e en uso como zona de xiro escolar desde antes de 2004, polo que non se xera unha “apertura” nova, senón a aceptación dun espazo adicado ó uso de viario preexistente que formará parte da vía pública existente denominada estrada de Escabia (Lousame) a Pastoriza (Rianxo).

5. Ausencia de actuación urbanística

- A cesión non implica obras de apertura, ampliación nin derrubo: só a transmisión patrimonial ao dominio público viario, preservando o estado preexistente.

6. Réxime transitorio

- Ao tratarse de planeamento anterior, a LSG permite manter os usos dos núcleos rurais definidos nos instrumentos vixentes sen obrigar á modificación inmediata do PXOM.

3) Compatibilidade co planeamento municipal vixente

3.1. Ausencia de clasificación no PXOM

- O PXOM 2004 non identifica numerosos camiños, incluído este tramo; por iso, non existe incompatibilidade material ao non contradicir determinación algunha do planeamento como sería o caso de que o PXOM tivese incluídos tódolos camiños públicos sen excepción, con sinalamento de aliñacións e rasantes.

Fundamentos Xurídicos:

Primeiro: A Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, sinala:

- Artigo 2: Os montes veciñais en man común son bens indivisibles, inalienables, imprescriptibles e inembargables.
- Artigo 3: A propiedade dos montes veciñais en man común, con independencia da súa orixe, **é de natureza privada e colectiva**, correspondendo a súa titularidade dominical e aproveitamento ao conxunto dos veciños titulares.
- Artigo 4: A comunidade de veciños propietaria dun monte veciñal en man común terá **plena capacidade xurídica** para o cumprimento dos seus fins e a defensa dos seus dereitos, sobre o monte e os seus aproveitamentos, así como sobre a súa administración e disposición.
- Artigo 5: Os montes veciñais en man común, pese a súa inalienabilidade, **poderán ser obxecto de cesión** temporal, en todo ou en parte, a título oneroso ou **gratuito**, por obras, instalacións, explotacións de diversa índole, servizos ou outros fins que redunden de modo principal no beneficio directo da comunidade de veciños, de acordo coas maiorías previstas no artigo 18.1. **A cesión pode ser por tempo indefinido en favor de calquera das Administracións Públicas cando sexa destinada a equipamentos a favor da propia comunidade e en tanto se manteña o fin para o que se fixo a cesión.**





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Segundo: A CMVMC de Zaramagoso, na reunión que tivo lugar o día 21/09/2021, acordou expresamente: *"Ceder a virada ao Concello para que sexa pública"*

Terceiro: O 14/11/2023, con rexistro de entrada 202390000000663, a Xefatura do Servizo de Montes comunica a resolución favorable á cesión ao Concello de Lousame dunha parcela de 487,3 m², propiedade da CMVMC de Zaramagoso

Cuarto: O día 16/05/2025, o Arquitecto Técnico Municipal informa favorablemente o expediente establecendo a clasificación do solo, a compatibilidade da cesión co artigo 26 da Lei do Solo de Galicia e co Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Quinto: O Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común, no seu artigo 58 preceptúa:

"Nos casos de disposición, que estarán formalizados sempre en escritura pública, acompañarase coa documentación que se remita á sección provincial do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común ..."

O Pleno Corporativo, no uso das atribucións conferidas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Corporacións Locais, á vista dos antecedentes e fundamentos expostos.

ACORDA:

Primeiro: Aceptar a cesión por tempo indefinido e de balde, dunha parcela de 487,30 metros cadrados (parte da referencia catastral 15043A10300001), aprobada pola Asemblea Xeral Ordinaria da CMVMC de Zaramagoso, na súa xunta do día 20/09/2021; e autorizada pola Xefatura do Servizo de Montes, o día 14/11/2023, con rexistro de entrada 202390000000663.

Segundo: A parcela cedida e aceptada polo Pleno Corporativo, pasará a formar parte do viario existente, Estrada de Escabia a Pastoriza (Rianxo).

Terceiro: Formalizar a cesión en escritura pública, no cumprimento do artigo 58 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro; para posteriormente ser remitida ao Rexistro de Montes Veciñais en Man Común.

Cuarto: Notificar o presente acordo á CMVMC de Zaramagoso; e remitir certificado do mesmo ao Servizo de Montes, para o seu coñecemento e efectos oportunos>>

5.- INCLUSIÓN, SE PROCEDE, DOUTROS ASUNTOS POR RAZÓN DE URXENCIA

Non existen.

6.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA: DA 140/2025 Á 290/2025 (2025/G006/000100)

O Alcalde en funcións da conta das Resolucións emitidas pola Alcaldía, da 140/2025 á 290/2025, postas a disposición dos concelleiros a través do Portal de Cargos Electos.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Corporación toma coñecemento.

7.- DACIÓN DE CONTA DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XGL: SESIÓN DO 10/04/2025 (2025/G006/000101)

O Alcalde en funcións da conta dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local, mediante a remisión da acta do día 10/04/2025, posta a disposición dos concelleiros, a través do Portal de Cargos Electos.

A Corporación toma coñecemento.

8.- DACIÓN DE CONTA DO PMP DO 1T DO 2025 (2025/G006/000083)

A Alcaldía en funcións da conta do Período Medio de Pagamento a Provedores do 1º trimestre do exercicio 2025 que ascende a 32,36 días.

A Corporación toma coñecemento.

9.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN EMITIDO AO ABEIRO DO ARTIGO 218 DO TRLRFL (2025/G006/000082)

O Alcalde en funcións da conta do Informe da Intervención núm. 64/2025, do 14/04/2025, no cumprimento do artigo 218 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A Corporación toma coñecemento.

10.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME RESUMO CONTROL INTERNO EXERCICIO 2024 (2025/G006/000084)

O Alcalde en funcións da conta dos Informes da Intervención núm. 70/2025 e 71/2025 do 30/04/2025, relativo ao control interno no exercicio 2024.

A Corporación toma coñecemento.

11.- DACIÓN DE CONTA NO CAMBIO DOS MEMBROS DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS (2023/G006/000018)





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1.
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O Alcalde en funcións da conta do cambio dos concelleiros que conforman a Comisión Especial de Contas, a solicitude do Grupo Político Municipal do PSdG-PSOE, mediante escrito presentado o día 08/05/2025 con Rexistro de Entrada 202500000000594. O posto que ocupaba D^a Ana María Domínguez Laiño, pasa a ser desempeñado por Don Juan José Prego Ces.

A Corporación toma coñecemento.

12.- INCLUSIÓN, SE PROCEDE, DOUTRAS MOCIÓN POR RAZÓN DE URXENCIA

Non se presentan.

13.- ROGOS E PREGUNTAS

Os voceiros de cada GPM presentan os seus rogos e preguntas.

DELIBERACIÓNS:

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número **2025/G010/000006** e identificado pola pegada dixital:

[e320f1d7a41ee7a42be9bee5a55dd8ed3ffce9bcd815c08702eb894de0674d92](https://concellodelousame.gal/index.php/gl/concello/plenos)

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://concellodelousame.gal/index.php/gl/concello/plenos>

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia en funcións rematouse a sesión, á hora indicada no encabezamento; da que se estende a presente acta, que asina comigo a Alcaldía en funcións e da que eu, secretaria, dou fe.

O Alcalde en funcións, Esteban Ares García

A Secretaria, Paula Ares Otero

